



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE NOVEMBRO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde -Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA  
D<sup>a</sup>. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria D<sup>a</sup>. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta cinco minutos do día dezanove de novembro de dous mil vinte e catro baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (10/10/2024)**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dez de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Instancia núm. 202499900000860 de Javier Mera Cao e María Fungueiro Bastos (Expediente núm. 2024/U022/000027)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de PB e 171,52 m<sup>2</sup> construídos en Gatente, 32 - Trobe (San Andrés) (expediente núm.: 2024/U022/000027), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Manuel Rodríguez Mourelle, en calidade de arquitecto, e cun presuposto de execución material de 152.634,00 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m <sup>2</sup> )	300,00	<b>600,00</b>	(1)(2)	<b>976,00</b>
Parcela bruta total (m <sup>2</sup> )				<b>1.067,00</b>
Cesións regularización vías (m <sup>2</sup> )	A aliñación	<b>A aliñación</b>		<b>100</b>
Edificabilidade máxima (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,40	<b>0,30</b> (290,10)		<b>171,52 &lt; (290,10)</b>
Ocupación máxima (%)	50	40 (386,80)		<b>171,52 &lt; 386,80</b>
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		<b>&gt; 3,00 m</b>
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	<b>3,00</b>
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 6,00	(4)	<b>B/3,23</b>
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		<b>Viv. unifamiliar</b>



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50500678.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Manuel Rodríguez Mourelle número de visado 2404291/5, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de execución e coordinación.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil, antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así coma de gas ou electricidade. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U-03, de 100,00 m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo chegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

A zona de cesión para regularización da vía deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel coa vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así coma do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): Tres mil cincuenta e dous euros con sesenta e oito céntimos (#3.052,68#).

-Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.2.- Instancia núm. 202499900000889 de don Manuel Mougán Fachal. (Expediente núm. 2024/U022/000029)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de alpendre para uso agrícola de 47,56 m<sup>2</sup> en Vilar - Vilanova (San Pedro) (expediente núm.: 2024/U022/000029), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria. (R-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, con data do 30/08/2024 e cun presuposto de execución material de 9.857,61 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090B50900505.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta tamén do informe emitido pola Consellería do Medio Rural, expediente con referencia 2024/2584693, en sentido favorable.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso número de visado 20240819, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): cento noventa e sete euros con quince céntimos (#197,15#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente.

2.3.- Instancia núm. 202499900001003 de don Agustín Castro Iglesias. (Expediente núm. 2024/U022/000032)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de alboio para garda de apeiros de 47,04 m<sup>2</sup> construídos en A Ferreira, 4 - Sales (San Fins) (expediente núm.: 2024/U022/000032), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola asinado con data do 26/09/2024.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000700300NH43G.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso asinada con data do 29/06/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): catrocentos sesenta euros con trinta céntimos (#460,30#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente.

2.4.- Comunicación de obra de don José María Rico Junquera. (Expediente núm. 2024/U026/000068)

Dáse conta do expediente número 2024/U026/000068 de comunicación de obra achegada por José María Rico Junquera para instalación solar fotovoltaica para autoconsumo, a instalar no chan, de 450wp de potencia e oito paneis nos termos da documentación técnica achegada asinada por Tomás Covelo Abeleira en calidade enxeñeiro técnico industrial e de data 18/10/2024.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A00900309, emprazada en San Mamede, 16 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e dous euros con doce céntimos (#82,12#).

2.5.- Comunicación de obra de don David Bouzón González. (Expediente núm. 2024/U026/000069)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don David Bouzón González para construción de peche de parcela: na fronte, recuando 6 metros do eixe da vía pública e nunha lonxitude de 43 metros, con base de bloque, revestido e pintado, sen superar o 1,50 m de altura e ata 1,80 m con postes e arame, colocación de dous portais de acceso. Os lindes este e sur pecharanse con postes e arame, nunha lonxitude de 89 metros e sen superar o 1,80 metros de alto. Nos portais de acceso colocaranse tubos na cuneta de sección 40 mm e ao mesmo nivel coa vía pública.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50501638, emprazada en Bazar, 34 – Trobe (San Andrés) en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e cinco euros con noventa céntimos (#95,90#).

2.6.- Comunicación de obra de don José Tallón Fernández. (Expediente núm. 2024/U026/000072)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Tallón Fernández para construción de peche de parcela, de aproximadamente 79 metros de largo e pola parte norte da parcela, con base de bloque, revestido e pintado, sen superar o 1,50 metros de alto, e postes e arame ata 1,80 metros.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002307800NH43F, emprazada en Tomonde, 20 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e seis euros (#86,00#).

2.7.- Comunicación de obra de don José Antonio Oria Reigadas. (Expediente núm. 2024/U026/000074)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Antonio Oria Reigadas para na parte oeste da finca, reconstrución de muro de cachotería, de aproximadamente 16 metros de largo, ata unha altura de 1,45 rematado con albardilla.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000600400NH43D, emprazada en Feal, 4 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte euros con setenta e cinco céntimos (#120,75#).

2.8.- Instancia de Carlos e Julio Antonio Porto Cao. (Expediente núm. 2024/U018/000007)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para parcelamento da finca número 882 da parcelaria de Vedra en 3 parcelas resultantes e 3 parcelas de cesión para regularización de vías, en Manteles de Arriba - Vedra, nos termos da documentación técnica



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



achegada asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto, de data novembro do 2024.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como solo Dos núcleos rurais (N-1) e solo Rústico de especial protección agrícola (R-2) .

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Manteles de Arriba - Vedra nos termos da documentación técnica achegada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento oitenta euros (#180,00#.)

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U.05, coas seguintes superficies: cesión 1: 18,44 m<sup>2</sup>; cesión 2: 127,45 m<sup>2</sup>; cesión 3: 129,98 m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.9.- Instancia núm. 1311/24 de dona María Carmen Barral Fuentes. (Expediente prórroga número: 2024/U003/000004)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13/12/2018 concedeulle licenza para rehabilitación integral de vivenda unifamiliar en Os Muiños, 2 – Ribadulla (San Mamede) (Expediente número 2018/U022/000017), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha segunda prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha segunda prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.10.- Declaración de caducidade de licenza de parcelamento.

Dáse conta da instancia presentada por dona M<sup>a</sup>. Jesús Piñeiro Caldelas solicitando a declaración de caducidade da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23/04/2012.

Dáse conta dos seguintes antecedentes:

-Con data do 20/03/2012 foi solicitada licenza de parcelamento da finca 465 do polígono 7 da concentración parcelaria de San Pedro e San Miguel de Sarandón, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Brais Vázquez Rey, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola.

-A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 23/04/2012, concedeu a mencionada licenza nos termos da documentación técnica achegada.

-Logo da solicitude de declaración de caducidade, revisados os antecedentes municipais e á vista do disposto, entre outros, no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, e o seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar, a petición da interesada, a caducidade da licenza de parcelamento concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23/04/2012 para a finca 465 do polígono 7 da concentración parcelaria de San Pedro e San Miguel de Sarandón, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Brais Vázquez Rey.

2º.- Advertir que a declaración de caducidade extingue a licenza e non se poderá proceder, de ser o caso, ao parcelamento da finca se non se obtén nova licenza axustada ao ordenamento urbanístico vixente.

### 3º.- Aprobación liquidación Transporte Metropolitano de Galicia: achegas 2023 e 2024.

Dáse conta da comunicación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, na que de acordo co disposto nas estipulacións segunda (punto 2.3.b) e oitava derradeira do convenio de colaboración suscrito para a posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano, remiten a liquidación das contas correspondentes ao exercicio 2023 e as previsións das achegas que deberán efectuarse para facer fronte ao programa de tarifas neste exercicio 2024:

Gasto estimado achegado para o ano 2023	3.326,46
Gasto real ano 2023	3.526,66
Diferenza Gasto real 2023 – Estimación 2023	200,20
Estimación Programa de tarifas 2024 (gasto real 2023* porcentaxe)	3.869,66
TOTAL ACHEGA 2024	4.069,86
Porcentaxe estimado de incremento da demanda sobre o 2023	109,73%

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a citada liquidación.

Segundo.- Proceder ao seu ingreso na conta facilitada ao efecto.

### 4º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de outubro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
661	01/10/2024	Renovación tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade de NRL
662	01/10/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
663	01/10/2024	Aprobación ampliación de prazo para a xustificación da subvención nominativa concedida á Asociación Cultural do Ensino da Arte de Música
664	02/10/2024	Aprobación liquidación da taxa a Aurora Pilar y Ana, S.L pola formalización do contrato de Prestación do servizo da EIM (Expediente núm. 2024/C002/000004)
665	02/10/2024	Aprobación da concesión dunha subvención directa á Asociación de veciños San Pedro e aprobación da conta xustificativa
666	03/10/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, por asistencia días soltos



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		no mes de setembro
667	03/10/2024	Venda de madeira (pinos) da parcela incluída no proxecto “Expropiación dos terreos incluídos no sistema xeral SXP-3 adscrito ao SUD-1 e SUD-2 Concello de Vedra”, sita en Cibrán – San Xián de Sales
668	03/10/2024	Concesión a CJF de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade
669	03/10/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, do mes de outubro
670	03/10/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, do mes de outubro
671	03/10/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación correspondente ao mes de outubro
672	04/10/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Cultural Papaventos e orde de pagamento segundo convenio
673	04/10/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2024.35 por importe de 175.520,23 euros
674	04/10/2024	Aprobación modificación de créditos 17/2024 na modalidade de xeración de créditos vinculada á subvención concedida para a promoción do uso da lingua galega
675	07/10/2024	Ampliación intensidade SAF, modalidade libre concorrência, a ACT
676	07/10/2024	Cambio de domicilio no Padrón municipal de habitantes
677	07/10/2024	Cambio de domicilio no Padrón municipal de habitantes
678	07/10/2024	Cambio de domicilio no Padrón municipal de habitantes
679	08/10/2024	Incoando expediente de reposición de legalidade por mor de actuacións consistentes na construción de peche de parcela con bloques de pedras de grandes dimensións en Paradela –San Xián de Sales
680	08/10/2024	Renovación tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade de CSL
681	08/10/2024	Altas no Padrón municipal de habitantes
682	08/10/2024	Expediente de imposición de multas coercitivas por incumprimento de orde de demolición de peche de parcela en Cumbraos – Vilanova: posta a disposición dos interesados de expediente, previa á resolución do mesmo
683	09/10/2024	Devolución aval bancario a Obras y Viales de Galicia, S.L depositado para responder da execución da obra de Ampliación da rede de abastecemento en San Xián de Sales, Illobre, Marzán e San Pedro de Vilanova (POS +2018)
684	09/10/2024	Adxudicación praza vacante Programa Conxuga, modalidade madrugadores, a CPV
685	10/10/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, do mes de setembro
686	10/10/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade dependencia, do mes de setembro
687	10/10/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade libre concorrência, do mes de setembro



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



688	10/10/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2024.36 por importe de 12.309,22 euros
689	11/10/2024	Concesión dunha subvención directa á Asociación Amigos da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla e aprobación de conta xustificativa
690	11/10/2024	Aprobación de convocatoria e bases reguladoras das axudas ao estudo do Concello de Vedra, curso 2024/2025
691	11/10/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para a promoción da lingua galega
692	11/10/2024	Aprobación Plan de Seguridade e Saúde da obra de Mellora de camiños en Fontao (Plan de mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas de titularidade municipal 2024/2025)
693	11/10/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de ximnasio municipal, correspondente ao 1º cuadrimestre da tempada 2024/2025
694	14/10/2024	Altas no Padrón municipal de habitantes
695	14/10/2024	Altas no Padrón municipal de habitantes
696	14/10/2024	Denegando aplicación de bonificación na taxa do Programa Conxuga, modalidade de ludoteca a S.V.C, por non cumprir os requisitos.
697	14/10/2024	Devolución aval a Maxideza, S.L constituído para responder da execución do contrato de subministración dunha trituradora desprazable (Fondo de Compensación Ambiental 2021)
698	14/10/2024	Aprobación indemnizacións por asistencias aos concelleiros/as correspondentes ao 3º trimestre de 2024
699	14/10/2024	Aprobación dotacións económicas aos grupos políticos municipais do 3º trimestre de 2024
700	14/10/2024	Concesión licenza administrativa de paseador de animais perigosos
701	14/10/2024	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 3º trimestre
702	15/12/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a ABA
703	15/10/2024	Altas no Padrón municipal de habitantes
704	15/10/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
705	15/10/2024	Aprobación renovación do convenio de integración da Biblioteca Pública Municipal de Vedra na Rede de Bibliotecas de Galicia
706	16/10/2024	Aprobación incremento na contía individual por sesión na Comisión de valoración de ofertas na licitación do servizo de EIM
707	16/10/2024	Cambio frecuencia asistencia Programa Conxuga, modalidade de ludoteca, curso 2024/2025 a EHN
708	16/10/2024	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade a NRO
709	16/10/2024	Designación órgano de asistencia do concurso público para a adxudicación de dúas licenzas de taxi (nº 3 –vehículo adaptado e nº 4)
710	16/10/2024	Concesión de licenza administrativa de posesión de animal de raza perigosa
711	16/10/2024	Concesión de licenza administrativa de posesión de animal de raza perigosa
712	17/10/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2024/2025 a IAA
713	17/10/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2024/2025 a AVT
714	17/10/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2024/2025 a GCC



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



715	17/10/2024	Aprobación expediente de contratación da obra de Ampliación da rede de abastecemento a Picón (POS + Adicional 2/2024. 1ª Fase)
716	17/10/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2024/2025 a CCC
717	17/10/2024	Adxudicación praza vacante na EIM, curso 2024/2025 a VFI
718	18/10/2024	Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 3º trimestre de 2024
719	18/10/2024	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida
720	21/10/2024	Aceptación de proposta da Mesa de Contratación do expediente de contratación da execución de actuacións de carácter supramunicipal do Plan de Sostibilidade Turística Terras de Santiago (PSTD Terras de Compostela), financiado con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (NexGenerationEU)
721	22/10/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
722	23/10/2024	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes aos atrasos 2023 e 2024 do persoal non activo, polo incremento do 0,5% nas retribucións do persoal en 2024, con efectos retroactivos ao 01.01.2023 a aboar no mes de outubro
723	23/10/2024	Aprobación e orde de pagamento das indemnizacións vinculadas á participación na comisión de valoración de ofertas na licitación do servizo da EIM
724	23/10/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
725	23/10/2024	Aprobación e orde de pagamento a José Luís Martínez Canle das indemnizacións vinculadas á participación na acción formativa A viticultura na Ribeira do Ulla
726	23/10/2024	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de outubro
727	24/10/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Cultural San Campio e orde de pagamento segundo convenio
728	24/10/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Unión Deportiva Val do Ulla e orde de pagamento segundo convenio
729	25/10/2024	Cambios de domicilio no padrón municipal de habitantes
730	28/10/2024	Aprobación listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a de xestión cultural e actividades, persoal laboral fixo (Expediente 2024/E001/000001)
731	28/10/2024	Adxudicación, como contrato menor, da obra de Afirmado en Fontao (arredores do velódromo) (Expediente núm. 2024/C002/000012)
732	29/10/2024	Incoación de expediente para que se proceda á xestión de biomasa de parcelas en Casansula –San Miguel de Sarandón
733	31/10/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
734	31/10/2024	Adxudicación Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos: deseño do proxecto e formación (Proxectos de voluntariado vinculados ao proxecto piloto Talento Interxeracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia NexGenerationEU) (Expediente núm. 2024/C002/000012)
735	31/10/2024	Adxudicación Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos: Apoio, coordinación e dinamización do proxecto Vedreamos (Proxectos de voluntariado vinculados ao proxecto piloto Talento Interxeracional, no marco do Plan de recuperación,



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



		transformación e resiliencia NexGenerationEU) (Expediente núm. 2024/C002/000013)
736	31/10/2024	Adxudicación Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos: material funxible para campaña de comunicación (Proxectos de voluntariado vinculados ao proxecto piloto Talento Interxeracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia NexGenerationEU) (Expediente núm. 2024/C002/000014)
737	31/10/2024	Adxudicación Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos: Material funxible (Proxectos de voluntariado vinculados ao proxecto piloto Talento Interxeracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia NexGenerationEU) (Expediente núm. 2024/C002/000015)
738	31/10/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a SNL
739	31/10/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a LZO

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 5º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.